2023 - 2024

A REVISTA DO CIFP POLITÉCNICO DE LUGO

nº 29



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE LUGO

CIFP Centros Integrados Formación Profesional
















AS AULAS

SUMARIO

DICRANOPALPUS GALLAECICUS WIJNHOVEN & MARTENS & PRIETO, 2022 ____ 2
10 REGRAS DE OURO ____ 4
25 ANOS DE ERASMUS+ ____ 8
"CREANDO UN PATIO PARA TODOS/AS" ____ 10
O POLITÉCNICO NAS REDES ____ 13
CAMPIONATOS FP SKILLS ____ 14
PASEANDO A CIENCIA ____ 18
OS NOSOS ACHEGAMENTOS AO INGLÉS ____ 21
SISTEMAS OLFACTIVOS ____ 22
O NOSO COMPROMISO ____ 24
SONALIS INTERVIEW ____ 26
AMBIENTACIÓN CON XOGOS POPULARES DO PAVILLÓN DO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL SANTA MARÍA DE LUGO ____ 28
SINERXÍAS. A POTENCIALIDADE DO TRABALLO COLABORATIVO ____ 31
IMPRESIÓN 3D ____ 32
FORMACIÓN DO PROFESORADO NO EIDO DAS TELECOMUNICACIÓNS ____ 35
ERASMUS EN FRANCIA ____ 38
ACTIVIDADES ENTROIDO 2024 ____ 40
A MIÑA SAÚDE O MEU DEREITO ____ 42
A TÉCNICA DA HIDROIMPRESIÓN ____ 44
ACTIVIDADES LETRAS GALEGAS 2023 ____ 46
TIRANDO DO FÍO ____ 48
OFERTA FORMATIVA CURSO 2024 / 2025

REDACCIÓN

EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA DO CIFP POLITÉCNICO DE LUGO

COORDINACIÓN E MAQUETACIÓN

Equipo EDLG do Politécnico de Lugo

Agardamos ser continuidade da obra dos que nos precederon

XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE LUGO

Rúa Armando Durán, 3
27002 Lugo
Tlf/Fax: 982220328 / 982223275
cifp.politecnico.lugo@edu.xunta.gal
www.politecnicolugo.org

LUGÓPOLIS nº 29 – Dep. leg. LU-433-1995

Dicranopalpus gallaecicus Wijnhoven & Martens & Prieto, 2022

Coñecerás moita xente que nunca escoitou o termo *Opiliones*. Pero seguramente cunha mera procura de imaxes en Google saerían de dúbidas. Aínda así, moitos pensarán equivocadamente que se trata de arañas.

Tal vez decidan afondar na Wikipedia ou a Galipedia. Alí atoparán que *Opiliones* é unha orde da clase *Arachnida* con moitísimas especies. Agora ben, van experimentar a típica decepción coa Wikipedia que padecemos cando pretendemos afondar en certas temáticas: non van a atopar por ningures mención algunha a unha desas especies, moi galega ela: *Dicranopalpus gallaecicus*.



Fíxate no seu nome. Si, rima con *Arde Lucus*, pero non ten nada que ver. Onde quero ir a parar é a outra cousa. Verás que é un nome científico por varias características: é binominal; está escrito en cursiva; o nome xenérico (xénero) empeza con letra maiúscula e o epíteto ou nome específico (especie) con minúscula.

O médico e naturista inglés Martin Lister (1639-1712), considerado primeiro aracnólogo, debeu pensar que a denominación popular dos opiliones, "arañas segadoras" ou "arañas pastoras", non era apropiada, porque viu que arañas non eran. E a partires do vocablo en latín opilio, "pastor", asignoulles o termo *Opiliones*.



Posteriormente, o zoólogo sueco, e tamén médico, Carl J. Sundevall (1801-1875), escolleu o termo creado por Martin Lister para diferenciar a orde *Opiliones* dentro da clase *Arachnida*, na que atopamos, outras ordes como *Araneae* (a das arañas), *Scorpiones* ou *Ixodida* (a das carrachas), por exemplo.



Dentro da orde *Opiliones*, xéneros hai moitos. Entre eles o xénero *Dicranopalpus*. E dentro dese xénero, do título deste artigo deducimos que non foi ata o ano 2022 que se diferenciou a especie *gallaecicus*, por parte de Wijnhoven & Martens & Prieto.

E como foi que xente de lonxe de Galicia deu cunha nova especie para a ciencia en tempos tan recentes? Acaso fixeron polas nosas terras unha incursión como se Galicia estivese igual de inexplorada que o Amazonas? En absoluto.

O único que aconteceu foi que unhas macrofotografías miñas, feitas por afección, foron postas á disposición de xente experta nunha das múltiples plataformas cidadás de biodiversidade que atesouran millóns de fotos xeorreferenciadas. Alí esa xente é quen de detectar especies novas para a ciencia e, de ser o caso, buscarán un nome para ela.



Nunha curiosa incursión na música infantil, na súa época gospel, o poeta do Rock and Roll, Bob Dylan, cantaba “Man gave name to all de animals”. Así che é. Tal cual.

Manuel Sanmartín Fernández
Profesor do departamento de edificación e obra civil

10 REGRAS DE OURO

Dende a familia de industrias alimentarias cremos que unha boa alimentación é clave para o camiñar do día a día de todas as familias, por iso damos uns consellos para comer ben.

1.-CONSUMA ALIMENTOS FRESCOS E NATURAIS.

Esta é a regra de ouro. Os alimentos naturais son máis balanceados e conteñen máis nutrimentos.



2.-USE CON MODERACIÓN SAL, AZUCRE E GRAXAS.

Estes ingredientes en pequenas cantidades fan unha comida máis saborosa sen desbalancear o contido nutricional.



3.-LIMITE O CONSUMO DE ALIMENTOS PROCESADOS.

A industria alimentaria engade sal ou azucre en grandes cantidades para aumentar a durabilidade deses produtos.



4.-EVITE OS ALIMENTOS ULTRAPROCESADOS.

Son ricos en graxas e azucres, con alto contido de sodio ademais de aditivos e pouca fibra. Estes alimentos favorecen o aumento de peso e o rexurdimento de varias doenzas.



5.-COMA CON REGURALIDADE E EN COMPAÑÍA.

Sempre que sexa posible coma en compañía porque axuda a desenvolver relación e é máis pracenteiro. Asemade, se comemos rápido inxerimos máis e a dixestión é máis pesada.



6.-FAGA AS SÚAS COMPRAS EN ESTABLECEMENTOS QUE OFREZAN GRAN VARIEDADE DE PRODUTOS FRESCOS.

En feiras de produtores prefira verduras, legumes e froitas de tempada producidas na rexión.



7.-VALORICE A ACCIÓN DE COCIÑAR E COMPÁRTAA COS MÁIS NOVOS.

Se aínda non sabe cociñar procure aprender. Aprender a cociñar a súa propia comida fai ben.Tamén debe compartir as súas habilidades culinarias co resto da familia.



8.-ORGANICE O SEU TEMPO PARA DAR Á ALIMENTACIÓN O ESPAZO QUE SE MERECE.

Crear unha rutina e planear as compras, organizar a despensa e facer a lista da semana.

É importante que toda a familia se envolva nese proceso e axude na preparación das recepcións.



9.-CANDO FOR COMER FÓRA DAR PREFERENCIA A LOCAIS DE COMIDAS FEITAS NA HORA.

Mesmo na rúa é posible de forma equilibrada e variada.

Evite as redes de FAST FOOD.



10.-SEXA CRÍTICO EN RELACIÓN Á PUBLICIDADE DOS ALIMENTOS.

A función da propaganda é vender e non informar ou educar ao consumidor. Estimule aos máis pequenos e aos rapaces a desenvolver un ollar crítico dende cedo.



Estas 10 regras foron desenvoltas por especialistas e publicadas en guías de alimentación.

José Luís vázquez Rodríguez
Profesor do departamento de industrias alimentarias

25 ANOS DE ERASMUS+

Hai agora uns 25 anos da primeira experiencia de estadías europeas do noso alumnado e profesorado, cando aínda eramos o IES Politécnico de Lugo, e en colaboración co IES Monte Castelo de Burela e o IES Lamas de Abade de Santiago.

Nese momento, dúas alumnas nosas de Auxiliar de Enfermaría foron a Italia (Firenze) a facer un mes de prácticas, e dúas máis de Educación Infantil a Finlandia (Jyvaskyla).

O impulso durou pouco máis de dous cursos, xa que o staff daquel momento non considerou interesante continuar co esforzo.

Tiveron que pasar varios anos, ata que o noso centro pasou a formar parte da Rede de Centros Integrados. Coa última dirección do antigo IES obtivemos a Carta Erasmus (necesaria para facer estadías de ciclos superiores), e xa como CIFP pasamos a formar parte dos consorcios da Xunta e obtivemos a Carta VET (necesaria para programas propios de ciclos medios e FPB).

Dende esta Coordinación comezamos a desenvolver na súa totalidade a experiencia dos programas Erasmus e Erasmus+, promovendo catro liñas de actuación:

- Estancias de alumnado para facer a FCT.
- Estancias de profesorado para realizar visitas coñecidas como “Job Shadowing”.
- Recepción e coordinación de viaxes de alumnado estranxeiro á nosa contorna.
- Posta en valor do noso centro como centro Erasmus dentro de Lugo, Galicia e España.

Se queremos facer un resumo numérico da nosa andaina ata hoxe, tendo en conta as liñas de actuación elixidas:

- Número de alumnado que realizou unha estadía no estranxeiro foi de 243 (media de 24 por curso)
- Número de docentes que saíron do noso centro cara ao estranxeiro foi de 73 (media de 7 por curso)
- Número de estadías de alumnado estranxeiro que coordinou en Lugo o noso centro foi de 16 (media de case 2 por curso)
- O noso coordinador foi poñente como experto Erasmus en 8 Xornadas Europeas dirixidas pola Consellería e o CAFI. Así mesmo, participou en múltiples seminarios de formación do profesorado en centros galegos.

Se facemos unha segregación por países de destino do alumnado e docentes, os resultados son os seguintes:

Se facemos unha comparación por departamentos, de alumnado e docentes, é o seguinte:









Finalmente, en canto á participación por sexos, amosa unhas gráficas de alumnado e docentes do seguinte tipo:





Se falamos de alumnado procedente doutros países de Europa, a distribución foi de 4 alemáns, 2 finlandesas, 4 portuguesas e 4 francesas nas diferentes colaboracións.

O traballo foi inxente, a compensación pouca agás a ledicia nas caras da maioría dos participantes cando tornan, e a mellora da súa empregabilidade.



Nada disto se puido facer sen a colaboración das miñas compañeiras do Equipo Erasmus, Ana Prado e Jénifer Souto, que de forma practicamente altruísta, encargáronse de apoiarme en momento duros, e de levar a cabo todas as tarefas de comunicación en redes sociais e de mantemento do sistema OLS e Europass.

Tampouco quero deixar de agradecer a axuda de directores/as como Mónica Ramos (como directora e logo como Xefa de Calidade), Gumersindo Otero e Antonio Ibáñez, secretarios como Angeles Blanco e Emerio Ares, Vicedirectores como José Luís Blanco, Xefes de Estudo como Ramón Acín, Manuel Sanmartín e o añorado José Antonio Valín. Así mesmo a colaboración dende a Xunta de Teresa Moya e Ramiro Vázquez.

Sen todos eles non se houbera podido facer nada, nin chegar a ser uns dos centros Erasmus de referencia de Galicia e, por que non, en menor medida, de España.

O futuro está por chegar, os nubeiros vense moi grises pero o que teña que ser, será. Un saúdo a todo os que poden dicir con orgullo: “Eu fun Erasmus”

José Franco Vázquez

Coordinador programas internacionais

“CREANDO UN PATIO PARA TODOS/AS”

“Os nenos e as nenas non xogan para aprender, pero aprenden porque xogan” Jean Piaget.

Frases coma esta son as que nos levaron á creación dun proxecto que permita traballar diferentes habilidades do alumnado do CEE Santa María de Lugo, para mellorar as súas capacidades, tanto na vida profesional coma persoal. Búscase crear espazos no patio que promovan a comunicación e a inclusión de todo o alumnado.

Nun primeiro andar contemplouse a realidade. No proceso de elaboración analizáronse todos os pasos necesarios para a creación dun xogo/xoguete. Dende o primeiro punto onde se deseña/elixe o xogo en base ao que se quere acadar ata o punto no que o neno xoga.

Nunha reunión inicial no CEE Santa María, plantexáronse as necesidades do seu alumnado ás súas limitacións, condicionantes... Coa información recollida e froito dunha xuntanza entre os ciclos de madeira e os de Servizos á Comunidade (Educación Infantil) do noso centro (CIFP Politécnico de Lugo), na que se aportan ao proxecto ideas de gran valor sobre os xoguetes máis adecuados para cubrir as carencias do alumnado do CEE Santa María, sacamos unha primeira escolla de posibles xogos a fabricar que se lle enviou ao profesorado do CEE Santa María para que fosen eles quen decidira aqueles que lles resultaban máis interesantes.

Para o deseño dos xogos non só se tiveron en conta que estes se puideran apoiar nas mesas das aulas xa dispoñibles, senón tamén a fabricación dun caixón con rodas con varias funcións:

Que todos os xogos se puidesen gardar no caixón de xeito ordenado e que se puidesen sacar con facilidade.



Que o caixón se puidese desprazar dunhas aulas a outras e mesmo ao exterior, xa que o mesmo proxecto inclúe a creación no patio do centro dunha estrutura metálica cuberta (fabricada pola familia profesional de fabricación mecánica do CIFP Someso de A Coruña).

Que no caso de empregar os xogos no exterior, o caixón puidese asemade, facer a función de mesa de apoio mentres se xoga.

Comezamos co deseño dos xogos. O alumnado do ciclo dual de madeira e moble, valéndose de programas informáticos de deseño en 3D, foi o encargado do deseño de cada un dos xogos. Froito deste traballo xorden os planos de fabricación e montaxe, para que o alumnado poida comezar coa fabricación.



Nun primeiro momento fanse uns prototipos con material de refugallo, baixo custo,... e convídase ao alumnado do CEE Santa María a compartir unha xornada co noso alumnado. Aquí xa se proban os xogos, e se propoñen modificacións, melloras, explicacións das normas...



Ademais foi unha boa xornada de socialización entre ambos centros. Froito desta xornada, na que ambos desfrutaron moitísimo, fabricáronse os xogos definitivos.



Tamén se incluíu no proxecto a elaboración de un par de pizarras de metacrilato, para que o alumnado puidese pintar, escribir... Neste caso, fixéronse dous modelos, xa que unha parte do alumnado está en cadeiras de rodas e precisa dun espazo por debaixo da pizarra para poder achegarse o suficiente.

Outro pasiño máis foi a decoración dos xogos, o poñerlles placas co nome e elaborar unhas fichas coas instrucións de cada xogo. Disto encargáronse os alumnos do CEE Santa María e CEE María Mariño (Reprografía).

Como colofón final, marchamos á FP Innova como inauguración e exposición dos produtos ao resto da comunidade educativa. Os rapaces do ciclo de FPB de Madeira e Moble e o alumnado do CEE Santa María amosaron ao público asistente os xogos, e tamén xogaron.





Ademais, o alumnado de FPB de Madeira e Moble, será o responsable da instalación do chan de madeira na estrutura metálica colocada no seu patio e que lles permite saír xogar aínda cando o tempo non acompañe.

O noso proxecto tiña ambiciosos obxectivos, que agardamos ter acadado:

- Crear un espazo de recreo, distribuído en recunchos, con estruturas diversas, que permitan mellorar as habilidades sociais, motrices, o control das emocións, e a integración sensorial do alumnado do CEE Santa María de Lugo.

- Implicar na fabricación das diferentes estruturas ao alumnado do FPB de Carpintería e Moble do CIFP Politécnico de Lugo e ao alumnado CS de Construccións Metálicas e de CB de Fabricación e Montaxe do CIFP Someso. Implicar na elaboración da cartelería ao alumnado de FPB Adaptada de Reprografia do CEE María Mariño. Implicar ao alumnado do ciclo de Educación infantil do CIFP Politécnico de Lugo na elección dos xogos/xoguetes máis acordes ás necesidades do alumnado. E implicar no acabado das pezas ao alumnado dos ciclos formativos do CEE de Santa María de Lugo así como á inauguración e exposición dos produtos ao resto do alumnado do Centro e comunidade educativa.



Como resumo final, consideramos que foi este un gran traballo de colaboración. Grazas a todos os centros participantes!!!!!

María Inmaculada Castro Prada

Profesora do departamento de madeira, moble e cortiza

O POLITÉCNICO NAS REDES

Na era dixital actual, as redes sociais estanse a converter en ferramentas omnipresentes que transformaron a forma na que nos comunicamos, interactuamos e consumimos.

O ámbito educativo non é alleo a esta evolución e cada vez somos máis os centros educativos que apostamos por integrar as redes sociais nas prácticas docentes, co obxectivo de enriquecer o proceso de aprendizaxe e a comunicación coa comunidade educativa de xeito máis efectivo.

O emprego das redes sociais tamén fomenta a colaboración, o acceso á información e a recursos educativos e a promoción da innovación pedagóxica.

Durante o curso 23-24, dende o equipo de dinamización das TICs do CIFP Politécnico de Lugo, continuamos a impulsar o servizo dixital educativo dirixido ao emprego das redes sociais. Como novidade, decidimos sumar o Tik Tok ás redes que xa viñamos empregando, o Instagram e o Facebook.





A información sobre eventos, actividades e logros, así como os traballos de dentro e fóra das aulas, ocuparon a maior parte dos nosos contidos. Un ano máis, a implicación da nosa pequena comunidade educativa formada polo profesorado e o alumnado do centro, fixo posible que, ao longo deste curso, conseguiramos aumentar esta comunidade nuns 800 seguidores, superando as 26.000 reproducións nunha soa publicación e sumando máis de 10.000 contas alcanzadas en varias delas.

Ademais, seguimos a empregar as RRSS como punto de información para todas aquelas persoas alleas ao centro, que están interesadas en escollernos como centro formativo, recordándolles a ampla oferta formativa da que dispoñemos e aclarando dúbidas sobre prazos ou procedementos de matrícula.

Tania Penas García

Profesora do departamento de sanidade

CAMPIONATOS FP SKILLS

CAMIÑO A SPAIN SKILLS

Durante este curso académico celebráronse os campionatos autonómicos e nacionais da Formavión Profesional, coñecidos como os Skills, GaliciaSkills e SpainSkills.

Que son os Skills?

As skills son as especialidades ou profesións nas que cada dous anos se realizan competicións autonómicas e que se corresponden cun ciclo formativo (ou con máis) das familias profesionais. O alumnado gañador de cada competición participa no campionato nacional Spainskills e as medallas de ouro deste campionato participarán posteriormente no campionato internacional Worldskills e no europeo Euroskills. Spainskills e Worldskills celébrase no mesmo ano, nos impares, e Euroskills nos anos pares.

Fase autonómica GaliciaSkills 2023

Neste curso celebrouse esta fase, no recinto Feira Internacional Abanca de Silleda, os días 25, 26 e 27 de outubro de 2023, onde o CIFP Politécnico participou nas seguintes skills:

- **CNC Fresado**, alumno Adrián López Besteiro e titor Diego Arias Fernández.
- **Coidados auxiliares de enfermaría e atención sociosanitaria**, alumna Syra Varela García e titora Jénifer Souto Pérez.
- **Control industrial**, alumno David Naya Pías e titora Ana Mª Pérez Vázquez.
- **Instalacións eléctricas**, alumno Crístian Santos Buján e titora Mª Concepción Cigarrán Iglesias.
- **Mecatrónica**, alumnos Antón Veiga Vázquez e Elías Blanco Castro, e titor José Luís Blanco Carballido
- Tamén participamos en modalidade de demostración nos skills:
- **Atención dermofarmacéutica**, alumna Ana Álvarez Liz e titora Mónica López Parada.
- **Fabricación aditiva**, alumno Manuel Vázquez Fernández e titor Manuel Vázquez Fernández.





Durante os días de competición o alumnado participante puxo a proba as súas destrezas a través da realización de diversas probas de habilidades e coñecementos vinculadas a súa área de formación. Foi unha gran competición e con moito traballo detrás, horas de preparación, nervios…. , pero o esforzo veuse recompensado, con tres medallas de ouro e unha de prata.

OURO: Instalacións eléctricas, Control industrial e Mecatrónica.

PRATA: Fabricación aditiva









Parabéns polo gran traballo que realizastes os sete equipos participantes, titores/as e alumnado, e por suposto, parabéns aos que obtiveron medalla. Sendo o centro que acadou o mellor medalleiro de toda Galicia.











Fase nacional SpainSkills 2023

Unha vez superada a fase autonómica toca ir a Madrid para participar en SpainSkills, que se celebrou no recinto feiral (IFEMA) entre os días 9 ao 13 de abril de 2024, onde se reúnen os mellores alumnos e alumnas de Formación Profesional de España. Alí imos vivir a experiencia de representar a Galicia en cinco competicións:

- Control industrial
- Instalacións eléctricas
- Mecatrónica
- Electrónica
- Sistemas robóticos integrados.



Formamos parte da delegación galega, cun total de 38 alumnos de 23 centros para 34 modalidades de skill, sendo o noso o centro o que máis numero de participantes aportou.



Estas competicións desenvolvéronse durante catro dias, rematando co acto de entrega de medallas. O alumnado da delegación galega obtivo tres medallas de ouro nas categorías de Desarrollo web, Panadería e Recepción hoteleira; cinco de prata en CNC Fresado, Escaparatismo, Floristería, Servicio de restaurante e bar e **Sistemas robóticos integrados**, e unha medalla de bronce en Tecnoloxía do automóbil.

O noso equipo de **Sistemas robóticos integrados** formado polos alumnos: Carlos Fernández Rodríguez e Andrés Díaz López, xunto co seu titor Carlos Álvarez Pérez, obtiveron unha medalla de prata por primeira vez para o CIFP Politécnico nun campionato SpainSkills. Unha prata con sabor a ouro.















Agradecer profundamente o esforzo e a dedicación de todo o noso alumnado, así como dos titores/as que os asesoraron e acompañaron, e recoñecerlles o gran éxito. Sen dúbida foi unha experiencia inesquecible para todos.

José L. Blanco Carballido

Xefe Área Calidade, Innovación e Orientación Profesional

PASEANDO A CIENCIA

O Ciclo Superior de Laboratorio Clínico e Biomédico levou a cabo durante este curso un proxecto de orientación que buscaba espertar e alentar o espírito e talento científico entre o alumnado de centros educativos de Lugo, así como dar a coñecer e por en valor os estudos de Formación Profesional.

Esta iniciativa, co nome de "Paseando a Ciencia" foi premiada na Convocatoria Orientación Activa de Caixabank e a Asociación de centros de FP (FP Empresa) e consistiu na realización de cinco talleres que contribuíron a mellorar o coñecemento científico nos estudantes participantes, tanto con respecto á competencia científica como á motivación e á actitude positiva ante a ciencia.

Creáronse comunidades de aprendizaxe entre alumnado de diferentes niveis educativos. Os alumnos/as do CS de Laboratorio actuaron como docentes de estudantes de niveis inferiores os cales, a través das súas inquietudes e preguntas, reforzaron os coñecementos do alumnado de FP sobre os contidos científicos abordados. Traballaron en grupo, promoveron a aprendizaxe entre iguais, a cooperación e a convivencia entre alumnado de distintos niveis educativos, así como a participación dos estudantes en entornos de investigación.

O IES do Camiño de Palas de Rei, IES Ollos Grandes, CEIP Martagona de Melide, CEIP Plurilingüe Santa María de Fonsagrada e varios cursos de diferentes familias profesionais do CIFP Politécnico de Lugo participaron nalgunha das actividades deste proxecto.



Os talleres levados a cabo foron:

DÍA DAS ENFERMIDADES RARAS

Actividade que permitiu acercar a investigación biomédica actual de enfermidades raras tratando conceptos como a herdanza, PCR, secuenciación, cortes histolóxicos... así como coñecer o peixe cebra como organismo modelo empregado no estudo destas enfermidades.



DÍA DO ADN

Nesta actividade os estudantes traballaron dúas formas de obtención de ADN, a extracción manual a partir dunha mostra de saliva e a visualización de cromosomas mediante cariotipos obtidos a partir de sangue.





DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

Actividade que permitiu coñecer e traballar o método científico. Plantexáronse cuestións como que hai dentro dun Iogur?, Só hai células nos eucariontes animais? Para dar resposta o alumnado empregou o método científico mediante a elaboración de distintos experimentos traballando conceptos como organismos unicelulares, pluricelulares, bacterias, células animais e vexetais.





DÍA MUNDIAL CONTRA O CANCRO

Taller que permitiu acercar ao alumnado a un tema de gran impacto social como é o cancro. Mediante a aplicación de técnicas como o Xenograft de células tumorais en embrións de peixe cebra e o testado de resposta a fármacos o alumnado coñeceu as bases do cancro e a súa investigación actual.





DÍA MUNDIAL DA SAÚDE

Para acercar a ciencia aos compañeiros doutras familias profesionais do centro realizáronse pequenos desafíos científicos que lles permitían coñecer o seu grupo sanguíneo, visualizar frotis sanguíneos ao microscopio para diferenciar as diferentes células, observación de fungos no pan e na froita, coñecer a col lombarda como indicador de pH natural...





Alumnado e profesorado do C.S. de laboratorio clínico e biomédico

Isabel Sal (Departamento de orientación)

Isabel García (Coordinadora de emprendemento)

OS NOSOS ACHEGAMENTOS AO INGLÉS

Bo día!

Este curso propúxenme escribir un diario, escribir cada día todo o que me pasaba. Pero, coma sempre… non fun quen. Bueno, non fun quen en parte, porque si anotei aquelas cousas que me chamaron a atención ou que me gustaron particularmente. Claro está que non volo vou contar todo!!! pero vou abrir o diario e ver o que atopo.

Ah, si! Xa recordo. Hai unha páxina que di: "Hoxe fomos ao cine a ver a película de Napoleón. Acaba de estrearse no cine e os nosos profes leváronnos a vela hoxe pola mañá. Todo o cine era para nós, e con palomitas, refrescos,… todo. Fíxome moita ilusión esta pequena viaxe e a película gustoume moito. É certo que se me fixo un pouco longa de máis, pero podo dicir que me axudou a confirmar e fixar coñecementos de todo o relativo á Revolución Francesa que tiñamos visto e comentado na clase. Claro, así é moito máis doado de aprender!!! Axudoume bastante á hora do exame". E para que vexades algo da nosa aventura, saquei unha foto.

Sigo buscando polo meu diario e atopo un día de moitos nervios. Aparecía escrito: "Hoxe vou facer o meu exame de Trinity. Non estudei moito, pero todas as semanas ía tomar café no "coffee break" dos luns na biblioteca onde tomaba o meu Colacao e falaba en inglés o que podía. Sempre faciamos algún xogo coa auxiliar de conversa e a verdade é que a aventura compensaba. Eu, polo menos, disfrutaba moito deses cafés cos compañeiros. Ademais tamén fun ás clases voluntarias que había todas as semanas coa profe de inglés. Eu creo que me saíu bastante ben, non teño queixa. Agora a agardar os resultados. Ogallá aprobe e saque o meu certificado".

E pouco máis vos vou poder contar. Hai cousas que son privadas!!



Ah! Esquecíame, dicía noutra páxina "Hoxe, uns días antes de Nadal empezamos a ver na pantalla da entrada do centro as Christmas Cards que presentaron os meus compañeiros. Que pasada! Canto traballaron! Eran verdadeiras obras de arte! Pareceume un bo traballo. E para o ano que ven vou participar! Apetéceme moito! A ver o que podo facer, pero vai ser unha aventura interesante"

Departamento de dinamización de idiomas

SISTEMAS OLFACTIVOS

Puido ter a domesticación unha influencia no sentido do olfacto dos cans?

A supervivencia dos individuos, e por tanto, da propia especie, depende en gran medida da capacidade de adaptación destes ao medio ambiente. Para iso, a evolución dotou aos animais, e en particular, aos mamíferos, dos sistemas sensoriais. Estas estruturas altamente especializadas permiten a percepción dos estímulos que veñen da contorna, posibilitando a constante adaptación a este. Os sentidos físicos, como a vista ou o tacto, gozaron historicamente dunha maior popularidade e foron máis amplamente estudados en comparación cos sentidos químicos, como o olfacto ou o gusto. Con todo, os sentidos químicos, e en particular os subsistemas olfactivos, gobernan aspectos de vital importancia nos animais os cales contribúen á súa supervivencia, tales como a comunicación entre individuos, os comportamentos sociais, a reprodución ou o recoñecemento maternal.

Deste xeito, os subsistemas olfactivos como o sistema vomeronasal especializáronse no recoñecemento de determinados sinais químicos denominadas semioquímicos, producidos polos organismos, liberadas ao medio mediante secrecións, e recoñecidos polos sistemas olfactivos dos animais. A comunicación química entre individuos baséase na produción e recoñecemento destes semioquímicos. Estes sinais químicos son capaces de modificar o comportamento animal e inducir respostas relacionadas coa xerarquía social, a relación de parentesco ou referentes ao estado de saúde e reprodutivo do emisor.

A domesticación do can é un proceso que influíu profundamente en numerosos aspectos fisiolóxicos, anatómicos e comportamentais destes animais, e por tanto, puido ter un efecto tamén nos seus sistemas sensoriais, especialmente no olfacto. Ao longo de miles de anos, os cans foron seleccionados polas súas habilidades olfactivas, o que lles permitiu desempeñar roles cruciais na caza, a vixilancia e a interacción social cos humanos.

Consecuentemente, xorden numerosas preguntas en relación a este aspecto: Puido ter unha influencia directa a domesticación sobre as habilidades olfactivas do can? Ou, pola contra, puido a selección positiva dos cans mellorar o olfacto nestes animais?

Estas preguntas motivaron a formulación e desenvolvemento da miña tese doutoral. Deste xeito, as investigacións que levamos a cabo na Facultade de Veterinaria, e en concreto na Unidade de Anatomía, centráronse en estudar o

sistema olfactivo e o sistema vomeronasal dos cans e dos cánidos salvaxes, para tentar dilucidar o papel que puido ter a domesticación nestes sentidos. Para iso, realizamos un estudo anatómico e morfofuncional comparado entre o can e cánidos salvaxes como o lobo ou o raposo, estreitamente relacionados co can a nivel filoxenético.

Sorprendentemente, e a pesar da importancia que sempre se lle atribuíu á capacidade olfactiva dos cans, descubrimos que o desenvolvemento do sistema olfactivo e o sistema vomeronasal nos cans é limitado en comparación cos seus predecesores, o lobo e o raposo. Os resultados fannos pensar nunha posible involución destes sistemas da man da domesticación, que poden ter influencia en numerosos aspectos do seu día a día, non só a capacidade olfactiva como tal, senón tamén noutros comportamentos como o establecemento de xerarquías entre individuos, o recoñecemento de posibles parellas reprodutivas ou a marcaxe de territorios.



Irene Ortiz Leal
Profesora do departamento de sanidade

O NOSO COMPROMISO

Canto de importante é que o alumnado coide o seu benestar emocional?
Como mellorar a convivencia dentro das aulas?
Como lograr que o alumnado logre unha boa motivación?
É importante o apoio social percibido no rendemento do alumnado?
É importante asegurar o autocuidado do profesorado?

Estas son algunhas das preguntas que me fixen en setembro, nada máis empezar o meu traballo como Coordinadora de Benestar e convivencia. Tiven a gran sorte de representar esta figura que se implantou en cada un dos centros educativos neste mesmo curso co obxetivo de proporcionar estratexias e recursos para fomentar o equilibrio e o benestar emocional nun entorno participativo e de comunicación, centrándose tamen na prevención, detección e atención aos malestares cotidianos da comunidade educativa.

Invítovos a percorrer o camiño do noso novo compromiso neste curso académico 23/24

Acompáñadesme?

SETEMBRO

- Presentación da nova Figura de Benestar.
- Elaboración do Plan de Centro de Benestar Emocional
- Reunión co profesorado de Fp Básica.
- Creación de email de contacto para docentes e alumnado
- Espazo na páxina web do centro adicada a benestar
- Elaboración de infografías e colocación nos corredores.







NOVEMBRO

- Elaboración Guía de Resolución De Conflictos.
- Asistencia ao Congreso de Coordinadores de Benestar
- Solicitude de diversos programas en termos de prevención para o alumnado de Fp Básica.

DECEMBRO

- Taller de Xestión de Estrés a través da práctica de loga para o profesorado
- Elaboración de enquisas de novas propostas.
- Entrega de resumo de taller de loga.
- Participación do alumnado no Plan Director para a convivencia.





XANEIRO

- Intervencións co alumnado.
- Comenzamos os recreos saudables.
- Reparto de carteis '*Recolle a túa froita*'.







FEBREIRO

- Charla a través da Asociación Aliad Ulterira: Intervención social con mulleres víctimas de violencia de xénero.
- Comezo do ciclo de talleres na FP básica: Control de Ira. Regularte I e Regularte II.
- Exposición 'Cambia os teus pensamentos'

MARZO

- Reparto dos lazos conmemorativos do 8M
- Elaboración Video promocional 8M
- Exposición '*Como contribues ti para que exista igualdade?*
- Buzón '*Crea a túa frase de benestar emocional*'
- Intervención con alumnado





ABRIL

- Participación no programa Morpheo: Prevención de adiccións.
- Instauración do punto Laranxa.
- Creación de espacio de Xogos '*Recreo en Xogo*'
- *¡Vestimos os nosos peldaños de benestar e convivencia!*
- Ponencia 'Cómo ser feliz' por Marta Valés, experta en Intelixencia Emocional.
- Concurso de fotografía 'Enfocando ao benestar emocional'
- Stand de Coordinación de Benestar Emocional participando na Semana da saúde.
- Asistencia a Congreso de Prevención do Acoso Escolar
- Enquisa de benestar emocional para alumnado e personal docente/ non docente.







Jenifer Souto Pérez

Coordinadora de benestar e convivencia

SONALI´S INTERVIEW

OUR LANGUAGE ASSISTANT



This is Sonali Arora , this year's language assistant in CIFP Politécnico of Lugo. She comes from India and she has been a language assistant in different schools of Galicia for four years.

PERSONAL INFORMATION

Sonali, tell me something you would like people to know about you or your country.

Hi! I am from New Delhi, the capital of India. To me, my city has a personality of its own – I grew up enjoying delicious street food, exploring bustling markets, wholeheartedly attending cultural events and all festivals and celebrating each and every festival. India, my homeland, is incredibly diverse. But despite our differences, we stay united, which makes our country unique. Having traveled so much, I understand there is no other world like India and it makes me really proud.

Describe yourself in three to five words.

Curious, adaptable, empathetic and free spirited.

How do you spend your free time?

I enjoy exploring new places and trying out different cuisines. I also love listening to music and dancing. Sometimes, I engage in creative activities like journal writing and drama.

Have you got a favorite book or film?

"The Kite Runner" by Khaled Hosseini is a book that left a deep impact on me. It's a powerful story about friendship, betrayal, and redemption. As for movies, my absolute favorite is a Bollywood film called "Three Idiots." It's not just entertaining; it's also really thought-provoking. The movie explores themes like chasing dreams and discovering what truly makes us happy.

If you could meet a famous person, dead or alive, who would you like to meet? Why?

I'd really like to meet Mahatma Gandhi. He's famous for his peaceful ways and helped India gain independence from Britain. I think meeting him would be amazing, and I could learn a lot from his ideas about peace and leadership.

GALICIA

What's your favourite Galician food?

I absolutely love pulpo! The tender octopus, seasoned with paprika and olive oil, is simply irresistible.

Sonali, Why did you want to work as language assistant?

I'm really passionate about both teaching and learning, and I love the idea of immersing myself in different cultures while sharing my own. Being a language assistant allows me to combine these interests and make a positive impact on students' lives.

What things do you like the most about Galicia?

I adore the breathtaking natural views, the culture and festivals, and my favorite Galician language. But most of all, it's the friendly people that make me feel at home here.

What is the main difference you found between the Galician school system and Indian system?

In some ways, they're alike, focusing a lot on academics. But in Indian schools, there's not as much international exposure compared to Galicia, where programs like the language assistant offer students chances to interact with different cultures. Additionally, Indian schools prioritize moral value teachings, a focus that seems to be gradually diminishing in Galician schools.

FUTURE PLANS

Where do you see yourself in five years?

I see myself as a university professor, as I am doing my PhD now. I also envision myself conducting research that makes a meaningful difference in my field.

And, In twenty years time?

In twenty years, alongside my work as a professor and contributing positively to my community and to society, I hope to continue exploring the world through travel, broadening my horizons and experiencing new cultures.

It has been a pleasure to have you here in this school. Thanks to you we have learnt and practiced a lot. We hope you have enjoyed your experience as well.

Departamento de dinamización de idiomas

AMBIENTACIÓN CON XOGOS POPULARES DO PAVILLÓN DO CENTRO DE EDUCACIÓN ESPECIAL SANTA MARÍA DE LUGO

Unha experiencia educativa práctica para o alumnado do CIFP Politécnico

O días 21 e 22 de marzo, grazas ao esforzo e ao traballo do alumnado de 1º curso do Ciclo Superior de Educación Infantil do CIFP Politécnico de Lugo, o pavillón deportivo do Centro de Educación Especial (CEE) Santa María en Lugo comezou a súa transformación nun espazo de cor e creatividade. Durante eses dous días, o alumnado levou a cabo unha iniciativa, a proposta de Mila, unha das profesoras do CEE que consistiu na ambientación e pintado de xogos populares no pavillón, co obxectivo de promover o xogo inclusivo, a diversión e a aprendizaxe entre as persoas usuarias do centro. Esta actividade, é froito dun *mini proxecto* realizado como proposta didáctica no módulo de "O xogo infantil e a súa metodoloxía".





O xogo é unha ferramenta fundamental no desenvolvemento integral das nenas e nenos en idade infantil e, tamén neste caso particular, no ámbito da educación especial. A través do xogo exploran, experimentan, socializan e aprenden dunha maneira lúdica e significativa. No CEE Santa María, non só é unha actividade recreativa, senón tamén un medio para potenciar as habilidades cognitivas, emocionais, sociais e motoras das nenas e nenos.

As características e fases do proxecto

Partimos dun pavillón frío e infrautilizado polo alumnado, por iso, a ambientación do espazo e o pintado de xogos populares converteuse nunha oportunidade para cambiar o aspecto e o seu uso, adaptándoo ás súas necesidades e intereses, e brindarlles un espazo acolledor, atractivo e estimulante onde nenos e nenas poidan desenvolverse de forma integral.

Realizamos unha DIAGNOSE antes de poñer en marcha a proposta, onde a primeira tarefa consistiu nunha visita ao CEE do alumnado do Ciclo de Educación Infantil para:

- Coñecer o lugar da intervención e as demandas desde o centro
- Coñecer a parte do alumnado, nunha actividade enriquecedora que nos sacou do ambiente habitual das aulas.

Máis tarde o equipo educativo e o alumnado do CEE fíxonos chegar unha serie de vídeos indicándonos os xogos que lles gustaría que pintásemos no pavillón.

A segunda fase, a PLANIFICACIÓN, partiu das necesidades e intereses das persoas usuarias do centro. Así puxémonos a redactar os obxectivos, xerais e específicos, os métodos de traballo, as actividades, os agrupamentos e os xogos que queriamos pintar, os recursos cos que contamos e os tempos que serían necesarios para cada tarefa.



A fase da EXECUCIÓN comezou ás 10 da mañá do día sinalado, o 21 de marzo, despois do día da Festa da Carballeira, algunhas alumnas con caras longas de durmir pouco, algunha sen durmir nada… Entramos no CEE Santa María como unha cuadrilla de traballo cando entra a unha fábrica, cargadas co noso material comezamos a repartir os espazos, as cintas de carrocería, xices... e distribuíndo os xogos no espazo.

A primeira parte consistiu en encintar os deseños realizados no chan e paredes, tarefa que nos levou practicamente toda a mañá, ata a última hora en que puidemos aplicar as primeiras mesturas de pintura para dar as primeiras mans. Tratábase dunha pintura especial con dous compoñentes, resistente ao longo do tempo ás pisadas, e tiñamos pouco tempo para utilizala antes de que secase.

Á mañá seguinte volvemos ao noso posto de traballo, e terminamos de pintar o que estaba planificado, non sen cambios en deseños, cores, tamaños, algo moi frecuente na execución dun proxecto. A capacidade para adaptarnos ás situacións coas que nos iamos atopando e o resultado podédelo observar nalgunhas das fotos que acompañan este texto.

A última fase, a da AVALIACIÓN do proxecto de ambientación do espazo, que realizamos nunha sesión de convivencia entre o alumnado do CEE Santa María e o alumnado de CIFP do Ciclo de Educación infantil, deunos a oportunidade de solicitar información sobre o resultado final e do uso que o alumnado lle está dando aos xogos, podendo así analizar cada unha das fases do proxecto.



Finalmente, pódovos adiantar que desde o Ciclo de Educación Infantil quedamos encantadas coa experiencia…. e o mellor, quédanos a outra metade do pavillón para pintar e parte das paredes, que esperamos que sexa un novo proxecto o próximo curso con novo alumnado.

Diego Rodríguez Otero

Profesor do departamento de servizos socioculturais e á comunidade

SINERXÍAS. A POTENCIALIDADE DO TRABALLO COLABORATIVO

"Sinerxía", fenómeno polo que se combinan as accións de dúas ou máis substancias para obter un efecto maior que a suma dos efectos individuais de cada unha delas por separado. Esta é unha das acepcións da palabra "sinerxía" que recolle o dicionario da Real Academia Galega e que describe moi ben o resultado do traballo colaborativo entre ciclos e familias profesionais que revolucionou a imaxe da Farmacia Politécnico.







O bo facer do alumnado e profesorado do Ciclo Superior de Automatización e Robótica Industrial (Andrés Díaz, Elías Blanco, Ana Pérez e José Luis Blanco) e do persoal de conserxería (Manuel Vázquez), xunto coa insistencia de tres docentes do Ciclo Medio de Farmacia e Parafarmacia (Mónica López, María José Trashorras e eu mesma) colaborando de maneira efectiva, cada quen aportando as súas habilidades; fixeron que unha pequena idea inicial se transformase en algo grande e profesional: o rótulo, a cruz e o escaparate da Farmacia Politécnico. Unha nova imaxe exemplo de sinerxía e da potencialidade do traballo colaborativo entre os ciclos e as familias profesionais tan diversas coas que contamos neste centro, que vale a pena explotar e que seguro que seguirá dando froitos.

Jeannette Martínez Val
Profesora do departamento de sanitaria

IMPRESIÓN 3D

A impresión 3D, ou fabricación aditiva, revolucionou incontables industrias, incluíndo a manufactura de instrumentos musicais tradicionais. Esta tecnoloxía ofrece novas dimensións de creatividade, personalización e eficiencia na produción de instrumentos, impactando tanto na construción como na evolución destes obxectos cun profundo arraigamento cultural e histórico. Innovación e personalización: A impresión 3D permite aos luthiers (fabricantes de instrumentos) e deseñadores experimentar con formas, tamaños e materiais que serían difíciles, se non imposibles, de traballar con métodos de fabricación tradicionais. Isto abre a porta a instrumentos con características únicas, optimizadas para necesidades específicas de son, ergonomía ou estética. A capacidade de personalizar instrumentos para adaptarse ás necesidades individuais dos músicos é unha das vantaxes máis significativas desta tecnoloxía.



Prototipado rápido: a fabricación aditiva facilita o prototipado rápido, permitindo aos deseñadores pasar da idea ao obxecto físico nunha fracción do tempo que tomarían os métodos convencionais. Isto acelera o proceso de innovación e desenvolvemento de novos instrumentos ou accesorios, ao permitir unha iteracción rápida baseada en probas e feedback.

Accesibilidade e educación: a impresión 3D fai que a produción de instrumentos sexa máis accesible. Os custos reducidos de prototipado e produción, xunto coa dispoñibilidade de deseños compartidos en liña, abren posibilidades para escolas e pequenos talleres para fabricar os seus propios instrumentos. Isto non só pode reducir custos, senón tamén fomentar a educación musical e a aprendizaxe práctica da fabricación de instrumentos.

Sustentabilidade: a fabricación aditiva pode ser máis sostible que os métodos tradicionais, xa que tende a xerar menos desperdicio de material. Os instrumentos constrúense capa por capa, utilizando só o material necesario. Ademais, a posibilidade de utilizar materiais reciclados ou biodegradables para a impresión 3D presenta unha oportunidade para reducir o impacto ambiental asociado coa produción de instrumentos musicais.



Desafíos e consideracións: a pesar das súas moitas vantaxes, a impresión 3D tamén enfronta desafíos na fabricación de instrumentos tradicionais. A calidade do son e a resonancia dos materiais sintéticos utilizados na impresión 3D poden diferir dos materiais tradicionais como a madeira, o metal ou o óso. Ademais, a adopción de técnicas de fabricación aditiva expón preguntas sobre a autenticidade e o valor cultural dos instrumentos producidos desta maneira. Casos de éxito e exemplos notables: xa hai varios exemplos de instrumentos musicais impresos en 3D que demostran o potencial desta tecnoloxía. Desde zanfonas, punteiros de gaitas, en diferentes tonalidades, frautas, violíns e guitarras ata pezas máis complexas como saxofóns e pianos, a innovación no deseño e a funcionalidade é evidente. Estes instrumentos non só cumpren cos estándares de calidade musical, senón que tamén ofrecen novos horizontes estéticos e sonoros.

En conclusión, a relación entre a impresión 3D e a fabricación de instrumentos tradicionais é un campo en expansión que promete revolucionar a maneira en que entendemos e creamos música. A intersección da tecnoloxía e a tradición neste ámbito abre un mundo de posibilidades para a innovación en deseño, accesibilidade e sustentabilidade, mantendo ao mesmo tempo o respecto pola herdanza cultural que representan estes instrumentos.





Dende o departamento de fabricación mecánica, a través do curso de especialización de fabricación aditiva, comezamos a meternos neste mundo. Estamos nos inicios, e a día de hoxe só imprimimos en PLA e ABS un par de punteiros de gaita galega. Dos cales modificando os modelos 3D podemos conseguir punteiros en distintas

tonalidades dunha forma relativamente sinxela. Os resultados foron satisfactorios e quedáronnos moitas ganas de seguir a indagar neste mundo tan apaixonante.







Tamén construímos unha zanfona, instrumento típico da música tradicional. Para a súa construción usamos dúas tecnolóxias, o corte por láser e a impresión 3D. O corte por láser usámolo para todas as pezas de madeira das que esta composta a zanfona. E a impresión 3D para pezas internas e para accionamento de cordas. Para a fabricación axudámonos de deseños compartidos en liña.





Para vindeiros cursos o profesorado de fabricación aditiva quere seguir indagando e unindo o mundo dos instrumentos tradicionais coas novas tecnoloxías de fabricación. Coas boas sensacións que deixaron este inicios seguramente teremos proximamente máis proxectos.

Iván López Rivera

Profesor do departamento de fabricación mecánica

FORMACIÓN DO PROFESORADO NO EIDO DAS TELECOMUNICACIÓNS

No CIFP Politécnico de Lugo fórmanse, ano tras ano, técnicos medios e superiores que se incorporan ao tecido produtivo lucense coma expertos en instalacións e sistemas de telecomunicacións. As continuas innovacións tecnolóxicas e os constantes cambios do mercado neste sector, esixen ao profesorado un forte compromiso por manterse ao día. Neste contexto, un grupo de profesores e profesoras do departamento de Electricidade e Electrónica do centro comezaron a desenvolver, dende o pasado curso académico, unha serie de proxectos de formación, que están a permitir a renovación de equipos e de competencias tanto no deseño electrónico como na configuración de redes de radiocomunicacións.



Integración de radioenlaces en redes de telecomunicacións

Un dos principais hándicaps á hora de transmitir as competencias técnicas en disciplinas complexas, como son as redes telemáticas ou os sistemas de radiocomunicacións, é contar cos equipos ou coas maquetas didácticas específicas para que o alumnado sexa capaz de traballar e experimentar as situacións que afrontará no seu futuro laboral.

A partir dun proxecto de formación centrado en equipos da marca *Microtik*, transversais dende o punto de vista didáctico e técnico, prepáraronse e equipáronse as aulas dos ciclos para a emulación de provedores de servizos de internet con radioenlaces para dar cobertura a localizacións sen infraestrutura de fíos.



Esquema de principio dun Provedor de Servizos de Intertet (ISP)

O alumnado do centro ten a posibilidade de montar e orientar as antenas, realizar as conexións eléctricas, configurar os equipamentos de comunicacións e validar o seu correcto funcionamento.



Deseño e fabricación de PCBs para dispositivos de telecomunicación

As placas de circuíto impreso PCB (*Printed Circuit Board*) constitúen o núcleo de calquera dispositivo electrónico. Formadas por pistas de cobre entre distintos compoñentes, as novas tecnoloxías de fabricación permiten a obtención de equipos multipropósito de moi pequeno tamaño.

As telecomunicacións son unha porta á creatividade do alumnado, e cuns coñecementos axeitados pódense crear solucións innovadoras a través do deseño de placas PCB para circuítos modulares. Para adquirir este grao de empoderamento é vital que sexan capaces de manexar as ferramentas dixitais coas que xerar os arquivos que se precisan para a sua fabricación.

Consciente desta situación, un grupo de profesores e profesoras do centro decidiu lanzar, no presente curso, un proxecto de formación para actualizarse nas cambiantes ferramentas de deseño dispoñibles.



Esta formación, que complementa ás técnicas de reparación e microsoldadura, iniciada no pasado curso (e tamén recollida no número 28 da Revista do CIFP Politécnico de Lugo), ten por obxecto principal a correcta transferencia didáctica da capacidade creativa, innovadora e emprendedora dos futuros técnicos.

David González Peñas

Alejandro Fernández Otero

Profesores do departamento de electricidade e electrónica

ERASMUS EN FRANCIA

...Le voilà: ERASMUS ROUEN – CAPITAL DE NORMANDÍA – FRANCIA Oh, làlà...

O pasado día 01 de marzo daba comezo o meu Erasmus de tres meses, no cal realicei prácticas como pos titulada do ciclo formativo profesional: Técnic@ en atención a persoas en situación de dependencia. Foi un reto para min enfrontarme tanto ao hándicap do idioma como á experiencia de viaxar soa e vivir nun país no que nunca antes estivera. A miña empresa de acollida foi L'Adapt, situada na súa residencia ruandesa de Bonsecours e Mesnil-Esnard; unha estrutura que acolle a mozas e mozos con diferentes trastornos e diversidades funcionais tanto intelectuais como físicas e/ou motrices pero que ao mesmo tempo son autónomos nas súas A.V.D. e mesmo desempeñan un traballo e distintas actividades deportivas ou manuais en centros de día. Pareceume realmente positiva e admirable a integración que se dá na empresa que ten como lema o seguinte: "Vivre ensemble, tous différents, tous égaux" o que significa: "Vivir xuntos, todos diferentes, todos iguais".

Ruán é a capital de Normandía situada ao norte de Francia á beira do río Sena, coñecida como a cidade dos 100 campanarios, posúe enormes monumentos que abren os ollos do visitante á inmensidade do mundo que nos rodea, ademais de numerosos museos que non perdín a oportunidade de visitar como: "Xoana de Arco", "O Gran Reloxo", "*Le maison sublime*" (son os restos arqueolóxicos xudeus máis antigos de toda Francia e están situados baixo o chan) do impresionante edificio do Palacio de Xustiza, "Belas Artes", "Antigüidades e Historia Natural", "Marítimo", "Cerámica", "*Flaubert d'histoire de la médecine*", "Educación", "*Le Secq des Tournelles*" (con numeroso arte en Forxa) etc. É unha verdadeira cidade galería, Ruán non deixa indiferente a ninguén coas súas fermosas casas con muros de entramado de madeira, as súas rúas e a súa gastronomía (variedade de queixos, doces típicos, sidras...) así como a súa flora (cerdeiras e flores bulbosas decoran o ambiente, ata conta cun gran xardín botánico).



Ademais, as localidades costeiras próximas como Etretat, un espazo natural moi apreciado pola beleza dos seus cantís; O maxestuoso Mont Saint-Michel que é unha cidade construída nunha pequena illa rochosa no estuario do río Couesnon; cidades próximas como Le Havre ou Caen; así como a obrigada visita a París (a cidade na que aterras para iniciar a túa aventura e que está a menos de dúas horas) xeran en ti unha "fame" por descubrir e coñecer cantos lugares máis tan espectaculares existen. Atrévome a dicir que che dá ou che renova as gañas de vivir.

Un traballo coma o meu de Técnico en Dependencia é de por si moi agradecido xa que combina a súa vertente educativo-asistencial coa socio-rehabilitadora e aínda que debo recoñecer que dominar idiomas abre moitas portas e xera oportunidades, foi realmente incrible ver de primeira man que a pesar de non dominar o francés como debería; Os elementos da comunicación non verbal impactaron e grazas aos xestos, ás miradas, ás risas, aos sons, ao ton e á voz entre outros; así como a amabilidade, a empatía, a proximidade e outros trazos; xeraron a retroalimentación necesaria para entendernos, creando o vínculo e a confianza necesarias para compartir momentos únicos de contarnos anécdotas e intercambiar tradicións.

Esta experiencia foi para min verdadeiramente gratificante, proveitosa e valiosa tanto a nivel técnico de habilidades formativas como a nivel privado. Tamén puiden desenvolver destrezas interpersoais tendo a oportunidade de relacionarme con profesionais, estudantes e persoas en xeral de diferentes partes do mundo. Direi que Francia é un país multicultural e Ruán ten unha enorme diversidade que me permitiu mellorar as miñas facultades comunicativas, capacidade de adaptación e flexibilidade interpretativa; así como valorar a importancia da colaboración, a axuda mutua e o traballo en equipo.

Vivir nun país estranxeiro, lonxe da chamada "zona de confort" supón un reto e un fortalecemento da independencia e da autonomía. Adáptaste a novas situacións, coñeces xente nova, superas as barreiras lingüístico-culturais á vez que xestionas a incerteza e os inconvenientes que se producen; así como aprendes a apreciar as diferentes perspectivas enriquecedoras que se presentan.

En resumo, esta vivencia reforzou a miña actitude positiva, deume unha mentalidade aínda máis aberta e estou segura de que estas cualidades seranme de gran valor tanto a nivel profesional como persoal. Síntome afortunada.

Moitas grazas a tod@s @s que fan posible que estas estancias se realicen!!

Alumna: Cindy Romina Cajoto Díaz

ACTIVIDADES ENTROIDO 2024

Con motivo do **Entroido 2024**, a comunidade educativa do CIFP Politécnico de Lugo levou a cabo actividades coas que pasar unas horas de lecer e convivencia o venres 9 de febreiro.

Houbo concurso de disfraces individual, parellas e comparsas. Tamén tivemos música, petiscos típicos do Entroido e premios para os/as gañadores dos disfraces.

Así mesmo, durante toda a semana disfrutamos coas Mandas do Meco.









Entroido 2024

























Juntas



A MIÑA SAÚDE O MEU DEREITO

Sen dúbida, a semana da saúde no CIFP Politécnico Lugo é unha excelente oportunidade para que o alumnado comparta coñecementos e aprenda máis sobre temas relacionados coa saúde. A feira da saúde, os obradoiros e os encontros dirixidos permiten que os estudantes se involucren activamente e se conciencien sobre a importancia do benestar físico, mental e social.





O lema deste ano, “A miña saúde, o meu dereito”, reflicte un principio fundamental. A Organización Mundial da Saúde (OMS) recoñece que a saúde é un dereito humano legalmente vinculante. Independentemente de onde vivan as persoas, deben ter acceso a servizos de saúde de calidade sen sufrir dificultades económicas. A atención sanitaria debe ser accesible para todos, sen discriminación, e abordar as causas profundas das desigualdades en saúde, como a pobreza e a discriminación. A cobertura sanitaria universal, baseada na atención primaria da saúde, axuda a facer realidade este dereito garantindo que todas as persoas teñan acceso a servizos de saúde asequibles e equitativos.

En canto ás diferenzas entre países desenvolvidos e subdesenvolvidos, é certo que a gratuidade e a calidade dos sistemas de saúde varían. Nos Estados Unidos, por exemplo, non existe un sistema público de saúde, senón un complexo entramado de institucións, aseguradoras privadas e provedores de saúde custosos. En Europa, algúns países requiren seguros privados, aínda que tamén se sostén o sistema mediante impostos dos cidadáns. Aínda queda moito por facer para lograr a gratuidade universal da saúde.

En referencia aos conflitos bélicos, a OMS pon énfase neste tema. As guerras deixaron millóns de vidas perdidas, danos físicos e secuelas psicolóxicas. A día de hoxe, a paz segue sendo un desafío, con conflitos en Europa e Oriente Próximo. A pregunta de se é posible garantir o dereito á saúde en tempos de guerra, cando os hospitais se converten en obxectivos de bombas, é complexa e urxe a atención internacional.

Por último, a crise climática tamén afecta á saúde. As diferenzas climáticas entre países do sur e do norte están agravándose, e os países empobrecidos son utilizados como vertedoiros de refugallos, incluíndo electrónicos e roupa descartable. A necesidade de abordar esta crise é crucial para protexer a saúde das xeracións futuras. É importante que sigamos traballando xuntos para garantir que a saúde sexa un dereito universal e que se tomen medidas para protexer o noso planeta e a saúde de todos nós.











María Dolores Baamonde Ces
Irene Ortiz Leal
Vanessa Fernández Vázquez
Sandra Rivas Fernández
Profesoras dos departamentos de sanidade e de lingua castelá

A TÉCNICA DA HIDROIMPRESIÓN

No noso centro, e dentro dun PFFP (programa de formación permanente do profesorado), un grupo de profesores/as realizamos unha formación na técnica da hidroimpresión, impartida por un empresario e profesional do sector.

Impartiuse tanto formación teórica como práctica para iniciarse na hidroimpresión e poder aplicala logo nos cursos de especialización de Fabricación Aditiva que se imparten no centro.



De seguido imos facer una breve descrición da historia, o proceso, aplicacións e incluso do seu impacto mediombiental.

A hidroimpresión, tamén coñecida como impresión por transferencia de auga, é un proceso utilizado para aplicar patróns decorativos a unha gran variedade de obxectos, desde pezas industriais ata artigos de consumo.

A hidroimpresión ten as súas raíces na década de 1970, cando se desenvolveu inicialmente como un método para crear patróns en obxectos tridimensionais. Xurdiu como unha técnica innovadora na industria do automóbil para personalizar pezas internas do vehículo. Co paso do tempo foise ampliando noutras áreas, como a decoración de interiores e a personalización de produtos de consumo. Esta técnica foi evolucionando continuamente, incorporando avances tecnolóxicos para mellorar a súa precisión e versatilidade.

O proceso de hidroimpresión implica varias etapas, incluíndo a preparación da peza, a activación, a inmersión en auga, a transferencia do deseño e o acabado. A peza que se vai decorar límpase e recubre cun axente activador. A continuación, mergúllase nun recipiente con auga que contén a película co deseño desexado. O deseño fica adherido á peza e selado cun acabado protector, obtendo un patrón duradeiro e atractivo.



A hidroimpresión úsase amplamente na industria do automóbil para personalizar pezas internas, como cadros de mandos e pezas de motor. Ademais, atopou aplicacións na industria aeroespacial, na fabricación de armas e na industria electrónica. A súa capacidade de adaptación a superficies irregulares e tridimensionais faino ideal para diversos usos industriais.

Ademais das súas aplicacións industriais, a hidroimpresión popularizouse na personalización de artigos de consumo e decoración. Desde cascos de motos ata complementos para o fogar, a versatilidade desta técnica permítelle adaptarse a unha ampla gama de materiais, entre eles plástico, metal, cerámica ou madeira. Coa hidroimpresión, é posible dar vida a deseños únicos e atractivos en multitude de obxectos cotiáns.





En comparación cos métodos tradicionais de pintura, a hidroimpresión considérase máis respectuosa co medio ambiente, xa que produce menos residuos e emisións. Ao usar unha película soluble en auga sen disolventes nocivos, este proceso minimiza o impacto negativo sobre o medio ambiente. Ademais, a súa eficiencia na aplicación do deseño reduce o desperdicio de material, contribuíndo a unha práctica máis sostible.

Cos continuos avances en materiais e tecnoloxía, o futuro da hidroimpresión promete innovacións emocionantes. Espérase que a técnica se adapte a unha gama aínda máis ampla de utilidades e se converta nunha característica estándar na personalización de produtos a gran escala. Ademais, prevese que a súa aplicación en sectores como o deseño de interiores e a moda experimente un crecemento significativo.

Como ben indicamos anteriormente esta técnica está a ser implantada para o postprocesado e decoración de pezas optidas a través da impresion 3D. Este centro conta con un master de FP dentro da familia de fabricación mecánica, denominado MÁSTER DE ESPECIALIZACIÓN FABRICACIÓN ADITIVA, cunha duración de 600 horas, no cal entre outras técnicas, emprégase esta.

José Ángel Sánchez Redondo
Profesor do departamento de fabricación mecánica

ACTIVIDADES LETRAS GALEGAS 2023



Para conmemorar as **Letras Galegas**, dedicadas no 2024 a **Luísa Villalta**, o EDLG levou a cabo a exposición que nos enviou a Xunta de Galicia e que está situada no taboleiro da cafetería, cuxo autor este ano foi o CIFP A Carballeira-Marcos Valcárcel de Ourense.

O mércores 15 de maio, ás 12:00 e ás 17:00, tivo lugar un concerto do grupo **DEVANDAINA**, formado por persoal do centro e un alumno. Fixéronnos pasar momentos moi divertidos coa súa música, canto e baile. Facendo participar a todos os presentes, como se dunha festa se tratara.

Tamén, ese mesmo día, desenvolveuse pola mañá e pola tarde un circuíto de xogos populares. Pola mañá, estiveron organizados por alumnado e profesorado do departamento de actividades físicas e deportivas. E pola tarde, polos membros do EDLG.











A recuperación do grupo **DEVANDAINA** é un logro moi importante, no que participaron moitos compañeiros/as. O seu sacrificio e ganas de traballar é inmenso, todos os xoves no recreo ensaios, e se non saían ben, algún outro día clases de "reforzo".









TIRANDO DO FÍO

O ceo cobrou unha cor que facía pensar

Pensar, por exemplo, no devir da vida,
no paso do tempo ou no vacío indeleble das ausencias.
Pensar no que a memoria dita cando as nubes reflicten azuis alaranxados,
vermellos vestidos de amarelo ou negros case brancos.

Darlle corda ao reloxo das lembranzas,
ese que zoa mentres cae a choiva sobre a rúa empedrada
ou cando os brazos do sol acarician os pés da nosa cama.
Coma se de mollar a magdalena se tratara,
o ceo sintoniza Norwegian Wood e a cabeza xa non para.

O ceo cobrou unha cor que obrigaba a reflexionar.

Cantas veces observo o firmamento, dende a beira do mar, sentado na praia?
Cantas veces o fago de maneira consciente?
Cantas veces entendendo o poder que ten a perspectiva?
Cantas veces pagando o prezo por miralo dun xeito diferente?

Por que xa non atopo alivio na retóricas de igualdade e liberdade?
Por que xa non responden ás miñas inquedanzas máis primarias?
Onde queda a Terra, sepultada pola epidemia da propiedade,
vítima, tamén, dos ecos dun egoísmo imperante?
Aprobaron aló arriba que a xeografía financiase as oportunidades?

O ceo cobrou unha cor que, outrora, todos soñamos pintar.

Montañas e chairas vestidas de vida,
cos paxaros asubiando nas polas máis floridas,
con parénteses de silencio onde habita a paz infinda.
A auga do mar, sen máis azuis que os que a física estima,
sen plástico, sen aceite, sen mirar para outro lado, sen obviar as feridas.

Horizontes para enmarcar, nas noites estrelecidas.
Lugares aos que non é posible chegar sentados, sen deixar pegada na vía,
onde a música non se escolle e cada día marca a súa melodía.
Éxitos que non se bareman nin se cualifican,
pero que tampouco se venden para gañar partidas.

David González Peñas

XUNTA DE GALICIA | CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE LUGO

CIFP Centros Integrados Formación Profesional

OFERTA FORMATIVA CURSO 2024 / 2025

RÉXIME DE PERSOAS ADULTAS *(Oferta modular)*

ZMSAN02	CM FARMACIA E PARAFARMACIA (Distancia)		Horas Mód.
GRUPO A	MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxías básicas	107
	MP0099	Disposición e venda de produtos	107
	MP0101	Dispensación de produtos farmacéuticos	213
	MP0103	Operacións básicas de laboratorio	239
	MP0104	Formulación maxistral	187
	MP0106	Formación e orientación laboral	107
GRUPO B	MP0020	Primeiros auxilios	53
	MP0100	Oficina de farmacia	157
	MP0102	Dispensación de produtos parafarmacéuticos	210
	MP0105	Promoción da saúde	157
	MP0107	Empresa e iniciativa emprendedora	53
	MP0108	Formación en centros de traballo	

ZM19001	CM COIDADOS AUXILIARES DE ENFERMARÍA (LOXSE)		Horas Mód.
GRUPO A	CM0FOL	Formación e orientación laboral	55
	CM0304	Hixiene do medio hospitalario e limpeza de material	160
	CM0305	Operacións administrativas e documentación sanitaria	55
	CM0308	Promoción da saúde e apoio psicolóxico ao paciente	130
	CM0RET	Relacións no equipo de traballo	55
	CM0310	Técnicas básicas de enfermaría	320
	CM0311	Técnicas de axuda odontolóxica e estomatolóxica	130
	CM0302	Formación en centros de traballo	

ZMSAN01	CM EMERXENCIAS SANITARIAS		Horas Mód.
GRUPO A	MP0061	Anatomofisioloxía e patoloxías básicas	107
	MP0062	Formación e orientación laboral	107
	MP0055	Atención sanitaria inicial en situacións de emerxencia	266
	MP0063	Empresa e iniciativa emprendedora	53
	MP0057	Evacuación e traslado de pacientes	245
GRUPO B	MP0052	Mantemento mecánico preventivo do vehículo	80
	MP0053	Loxística sanitaria en emerxencias	160
	MP0054	Dotación sanitaria	107
	MP0058	Apoio psicolóxico en situacións de emerxencia	53
	MP0060	Teleemerxencias	80
	MP0056	Atención sanitaria especial en situacións de emerxencia	227
	MP0059	Plans de emerxencia e dispositivos de riscos previsibles	105
	MP0064	Formación en centros de traballo	

ZM19001	CS DIETÉTICA (distancia LOXSE)		Horas Mód.
OFERTA PARCIAL DE MÓDULOS			
GRUPO A	CS0436	Alimentación equilibrada	290
	CS0446	Control alimentario	185
	CS0456	Fisiopatoloxía aplicada á dietética	215
	CS0630	Organización e xestión da área de traballo asignada na unidade /gabinete de dietética	80
	CS0FOL	Formación e orientación laboral	55
	CS0RCT	Relacións no contorno de traballo	55

ZMELE01	CM INSTALACIÓNS ELÉCTRICAS E AUTOMÁTICAS		Horas Mód.
OFERTA PARCIAL DE MÓDULOS			
GRUPO A	MP0236	Instalacións de distribución	155
	MP0237	Infraestruturas comúns de telecomunicacións en vivendas e edificios	123
	MP0238	Instalacións domóticas	123
	MP0239	Instalacións solares fotovoltaicas	53
	MP0240	Máquinas eléctricas	123
	MP0242	Empresa e iniciativa emprendedora	53
	MP0243	Formación en centros de traballo	

ZMMAM01	CM CARPINTARÍA E MOBLE		Horas Mód.
OFERTA PARCIAL DE MÓDULOS			
GRUPO A	MP0538	Materiais en carpintería e moble	133
	MP0539	Solucuións construtivas	187
	MP0544	Mecanizado de madeira e derivados	158
	MP0545	Mecanizado por control numérico en carpintaría e moble	105
	MP0546	Montaxe de carpintaría e moble	87
	MP0548	Formación e orientación laboral	107
	MP0550	Formación en centros de traballo	

ZMSSC01	CM ATENCIÓN A PERSOAS EN SIT. DE DEPENDENCIA (Distancia)		Horas Mód.
GRUPO A	MP0212	Características e necesidades das persoas en sit. de dependencia	160
	MP0213	Atención e apoio psicosocial	240
	MP0215	Apoio domiciliario	240
	MP0216	Atención sanitaria.	213
	MP0218	Formación e orientación laboral	107
GRUPO B	MP0210	Org. da atención ás persoas en situación de dependencia	123
	MP0217	Atención hixiénica	87
	MP0020	Primeiros auxilios	53
	MP0211	Destrezas sociais	123
	MP0214	Apoio á comunicación	87
	MP0831	Teleasistencia	104
	MP0219	Empresa e iniciativa emprendedora	53
	MP0220	Formación en centros de traballo	

ZSSSC01	CS EDUCACIÓN INFANTIL		Horas Mód.
GR. A	MP0011	Didáctica da educación infantil	240
	MP0013	O xogo infantil e a súa metodoloxía	187
	MP0014	Expresión e comunicación	213
	MP0015	Desenvolvemento cognitivo e motor	213
GRUPO B	MP0012	Autonomía persoal e saúde infantil	155
	MP0016	Desenvolvemento socioafectivo	123
	MP0017	Habilidades sociais	123
	MP0018	Intervención con familias e atención a menores con risco social	123
	MP0020	Primeiros auxilios	53
	MP0021	Formación e orientación laboral	107
	MP0022	Empresa e iniciativa emprendedora	53
	MP0019	Proxecto de atención á infancia	
	MP0023	Formación en centros de traballo	

CÓDIGO CENTRO 27006516

Matrícula polo réxime para as persoas adultas:

Nos ciclos ofertados na modalidade presencial, todos os módulos do mesmo grupo teñen compatibilidade horaria do 100%, para combinacións distintas, consultar o horario previsto para o curso 2023/2024.

Nos ciclos ofertados na modalidade a distancia son compatibles todos os módulos do ciclo, pero o horario das sesións presenciais optimizarase para os módulos de cada grupo, polo que se recomenda matricularse en módulos pertencentes a un mesmo grupo.

A matrícula nos módulos dun ciclo non poderá superar a carga lectiva anual de 1.000 horas.

Artigo 5, da ORDE do 12 de xullo de 2011

XUNTA DE GALICIA

CENTRO INTEGRADO DE FORMACIÓN PROFESIONAL POLITÉCNICO DE LUGO

CIFP Centros Integrados Formación Profesional

OFERTA FORMATIVA CURSO 2024 / 2025

RÉXIME ORDINARIO E FP DUAL INTENSIVA



ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS

CSAFD01	Ensinanza e animación sociodeportiva



EDIFICACIÓN E OBRA CIVIL

ZMEOC01	(FP dual intensiva) Construción
ZSEOC01	(FP dual intensiva) Proxectos de edificación



ELECTRICIDADE E ELECTRÓNICA

CBELE11	(FP básica) Electricidade e electrónica
CMELE01	Instalacións eléctricas e automáticas
CMELE02	Instalacións de telecomunicacións
CSELE01	Sistemas electrotécnicos e automatizados
CSELE02	Sistemas de telecomunicacións e informáticos
CSELE03	Automatización e robótica industrial
CMELE51	Instalación e mantemento de sistemas conectados a internet (IoT) *(Curso de especialización)*
CSELE51	Ciberseguridade en contornos das tecnoloxías de operación *(Curso de especialización)*
CSELE52	Robótica colaborativa *(Curso de especialización)*



FABRICACIÓN MECÁNICA

CBFME11	(FP básica) Fabricación e montaxe
CMFME01	Mecanizado
CSFME01	Programación da produción en fabricación mecánica
ZMFME02	(FP dual intensiva) Soldadura e caldeiraría
ZSFME02	(FP dual intensiva) Construcións metálicas
CSFME50	Fabricación aditiva *(Curso de especialización)*



INDUSTRIAS ALIMENTARIAS

ZMINA03	(FP dual intensiva) Elaboración de produtos alimentarios
CSINA02	Procesos e calidade na industria alimentaria
ZSINA02	(FP dual intensiva) Procesos e calidade na industria alimentaria



MADEIRA, MOBLE E CORTIZA

CBMAM11	(FP básica) Carpintaría e moble
ZMMAM01	(FP dual intensiva) Carpintaría e moble



SANIDADE

CM19001	(LOXSE) Coidados auxiliares de enfermaría
CMSAN02	Farmacia e parafarmacia
CSSAN02	Próteses dentais
CSSAN05	Laboratorio clínico e biomédico
CSSAN09	Hixiene bucodental
ZM19001	(FP dual intensiva) Coidados auxiliares de enfermaría



SERVIZOS SOCIOCULTURAIS E Á COMUNIDADE

CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia
CSSSC01	Educación infantil *(Bilingüe)*
CSSSC02	Integración social

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

CÓDIGO CENTRO 27006516